



Memoria

PONT-UP STORE 2018
#TalentosTransformador
5º aniversario



*Espazo de
Emprendemento*

ÍNDICE

- 2. O Pont-Up Store, unha iniciativa emprendedora
 - 3. Cinco anos de cooperación e innovación permanente
-

MEMORIA POR ÁMBITOS



- 38. Resultados
- 41. Unha identidade propia
- 43. O Comité Organizador
- 46. Patrocinadores e colaboradores

O PONT UP STORE, UNHA INICIATIVA EMPREENDEDORA.

O **PONT-UP STORE** é unha iniciativa de apoio ao **EMPRENDEMENTO**, aberta a toda a cidadanía, e que centra os seus esforzos no incremento da cultura emprendedora na sociedade.

Durante tres días **PONTEVEDRA** acolle en distintos puntos da cidade un programa de actividades con propostas innovadoras pensadas para orientar e axudar ás persoas que están no camiño do emprendemento.

XORNADA PREVIA	ESPAAZO EMPREENDEDOR	PUNTAZO EXPRES
VARIOS PUNTOS DA CIDADE	NA CARPA DA PRAZA DE ESPAÑA	CASA DAS CAMPÁS
XOVES 20	VENRES 21 E SÁBADO 22	VENRES 21 SETEMBRO

O punto central volveu ser a carpa situada na Praza de España, onde coñecemos algunhas das mellores iniciativas de emprendemento do país e participar nas actividades de dinamización que se desenvolverán no espazo central.

A pouca distancia, nas instalacións da Facultade de Belas Artes, o **Fab Lab Laboratorio Creativo** achegounos a obradoiros dirixidos a diferentes públicos, que tiveron a oportunidade de vivir a experiencia da fabricación dixital e adentrarse tamén no mundo da robótica.

Estreamos o **Espazo Gaming**, para achegar o emprendemento da man dos videoxogos, a través de torneos e varios talleres prácticos.

Tamén contamos cun espazo específico para proporcionar formación e recursos a aquelas persoas emprendedoras que aposten pola **Economía Social**

Consolidámonos como a sede onde varias asociacións e entidades do **Ecosistema emprendedor** celebran as súas presentacións, asembleas e reunións anuais.

Obxectivos

FACILITARLLES aos novos emprendedores un espazo para visibilizar e promover a súa marca, os seus proxectos empresariais e a busca de financiación externa.

POSIBILITAR que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos ou servizos actuais ou contrasten ideas de mellora.

PROPORCIONAR aos novos emprendedores un espazo de relación e intercambio de experiencias con diferentes axentes do ecosistema emprendedor.

ANIMAR a futuros emprendedores a concretar a súa idea de negocio a través do coñecemento de proxectos e experiencias xa en marcha.

PROMOVER a cultura do emprendemento con novos formatos e espazos de integración entre os emprendedores e a sociedade.

DINAMIZAR a cultura e a economía local, proporcionando aos visitantes unha experiencia de ocio e aprendizaxe, nun espazo urbano de referencia internacional.

Cinco anos de cooperación e innovación permanente



50 Organizacións en cooperación

ESPAGO PARA EMPRENDEDORES

144 SOLICITUDES (▲ 17%)

47 EMPRESAS

22.000 VISITANTES (▲ 10%)

XORNADAS DE EMPRENDEMENTO

47 ACTIVIDADES (▲ 17%)

96 EXPERTOS (▲ 14%)

1.200 ASISTENTES (▲ 50%)

+15.000 VISITANTES NA WEB E NO PROGRAMA ONLINE

+3.500 SEGUIDORES EN REDES SOCIAIS

PRETO DE 12 MILLÓNS DE POSIBLES IMPACTOS INFORMATIVOS

PRETO DE 5.000 SOPORTES FÍSICOS

O 100% DOS PARTICIPANTES RECOMENDAN A OUTROS EMPRENDEDORES PARTICIPAR NO EVENTO

Táboa resumo dos resultados acadados no Pont-Up Store 2018

Esta quinta edición do **PONT-UP STORE**, espazo de referencia do emprendemento no noroeste peninsular, é froito da colaboración de 50 organizacións patrocinadoras e colaboradoras con especial referencia á **UNIVERSIDADE DE VIGO** e ao **CAMPUS CREA** como organizadores, e ao Concello de Pontevedra como patrocinador principal.

Tralo éxito das pasadas edicións, o **PONT UP STORE 2018** consolídase como **ESPAGO DE REFERENCIA DO NOVO EMPRENDEMENTO** en Galicia con presenza no ámbito nacional, como amosan os preto de 150 proxectos de emprendemento reais e en funcionamento que son a mostra da capacidade de iniciativa e creatividade existente en Galicia e outros territorios do noroeste peninsular.

No **PONT-UP STORE 2018** foron recibidas **144 SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN** das que finalmente resultaron seleccionadas os **47 PARTICIPANTES**: empresas presentes nos stands ou no panel de actividades de dinamización ou no Puntazo Express.

Hai que destacar a especial acollida das Xornadas do Emprendemento destinadas a emprendedores potenciais ou en fase inicial, que acadaron un importante impacto non so nos emprendedores senón tamén na sociedade en xeral (47 actividades, 96 expertos e máis de 1.200 participantes).

Coma en cada edición, dende a organización apostouse pola innovación ligada ó emprendemento, aposta que se materializou na creación dunha **ZONA GAMING** adicada ó emprendemento a través de videoxogos e a incorporación dun **MUSICLAB**, ademáis da participación de talleres orientados ó fomento do emprendemento e ó empoderamento feminino da man de Google.

Nesta edición, ademais dunha maior presenza en prensa e radio, aportamos novamente pola Comunicación a través das Redes Sociais, conseguindo aumentar as cifras de seguidores nas Redes con respecto a anterior edición do Pont Up Store a través da xeración de entrevistas aos emprendedores e contidos específicos.

Esta é a edición da creación de comunidade tanto na comunicación online como offline do evento, con resultados satisfactorios pois se crea en torno ao evento unha comunidade participativa de emprendedores que manteñen as relacións entre as diferentes empresas unha vez pasado o evento.

As cifras actuais indican que o **PONT-UP STORE 2018** cumpre con todas as expectativas da Organización, duplicando os seguidores en **INSTAGRAM (DE 500 A 1000)** e acadando máis de **1.800 SEGUIDORES** e un alcance de máis de 6.000 persoas durante o evento en **FACEBOOK** e **450 SEGUIDORES EN TWITTER**.

Os contidos en prensa xeralista, económica, dixital, radio e televisión referidos a **PONT-UP STORE 2018** tiveron un volume estimado de preto de **12 MILLÓNS DE POSIBLES** impactos informativos durante os cinco últimos meses.

O froito destes 5 anos de traballo resumímolo na seguinte figura:

Táboa resumo 5 edicións. Pont-Up Store 2014-2018

50 ORGANIZACIÓNS EN COOPERACIÓN

Espazo de emprendemento

571 SOLICITUDES
205 EMPRESAS PARTICIPANTES
102.000 VISITANTES
+20.000 VISITANTES CADA EDICIÓN

Xornadas do emprendemento

151 ACTIVIDADES
372 PERSOAS EXPERTAS
+4.000 ASISTENTES

+3.500 PERSOAS SEGUIDORAS EN REDES SOCIAIS

O 100% DOS PARTICIPANTES RECOMENDAN A OUTRAS PERSOAS PARTICIPAR NO EVENTO

PRETO DE 32 MILLÓNS DE POSIBLES IMPACTOS INFORMATIVOS,
12 DELES NA ÚLTIMA EDICIÓN

RIGUROSO PROCESO DE SELECCIÓN. 89% DAS EMPRESAS PARTICIPANTES
SEGUEN EN FUNCIONAMENTO

ACTOS INSTITUCIONAIS

VENRES 21

11:30-12:00

ACTO INAUGURAL

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

Interveñen representantes de entidades organizadoras e patrocinadoras:



12:00-13:00

VISITA INSTITUCIONAL

aos stands dos emprendementos seleccionados no Pont-Up Store 2018 e Zona Fab Lab / Videoxogos

Lugar: Inicio da visita na carpa do Pont-Up Store, Praza de España



SÁBADO 22



14:15

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS



21^E 22 DE SETEMBRO

14:30-16:00H

Tecendo Comunidade: Comida Networking

Organiza: Pont-Up Store / Concello de Pontevedra

Colabora: El Mono con Sombrero - Bico De Xeadó



VENRES 21 - DENDE AS 21:00H

Viño participativo

Organiza: Pont-Up Store / Concello de Pontevedra

Colabora: El Mono con Sombrero - Bico De Xeadó



12 DE XUÑO

Rolda de prensa



13 DE SETEMBRO

Rolda de prensa



XIRA DE PROMOCIÓN GALEGA

SESIÓNS INFORMATIVAS DE CAPTACIÓN DE CANDIDATURAS



A CORUÑA
26 de Xuño

LUGO
27 de Xuño

SANTIAGO
28 de Xuño


OURENSE
2 de Xullo

ACTIVIDADES EN CONTINUO VENRES 21 E SÁBADO 22

Pont-Up Store 2014 - 2018: Mostra 5º Aniversario

Organiza: **Pont-Up Store / 7HCoop**

Cinco anos de apoio ao emprendemento e á cultura emprendedora basada na innovación e a cooperación. Mostra de materiais promocionais das distintas edicións e contidos audiovisuais.



VENRES E SÁBADO 12:00-13:00

Kore, a aventura do emprendemento

Proposta dinámica e interactiva para representar o relato de Kore, protagonista da Imaxe do Pont-Up Store 2018 e que recibe o seu nome da mitoloxía grega e fai referencia á deusa da iniciativa, a curiosidade e a renovación, coñecida tamén como Perséfone. Realizarán distintas actividades no transcurso dos días do evento en diferentes localizacións do Pont-Up Store.

Organiza: Martina Dadá

Compañía: A Cova das letras:
Paloma Saavedra (Directriz: Directora e actriz)
e Cristina Collazo (Actriz e titirimestra)



Deseño de vestuario: Estela Pérez Torres

LISTA DE PARTICIPANTES

- 1 Información e Organización**
www.pontupstore.com
- 2 Alobre 3D**
Consultoría creativa de solucións en 3D para visibilizar e dar vida a ideas, proxectos, produtos e servizos
www.alobre3d.com
- 3 Stand institucional - Patrocinadores**
- 4 My little Piura**
Deseños sostibles e con alma solidaria
www.mylittlepiura.com
- 5 O Submarino Alta Conserva, SL**
Conservas de marisco Gourmet
www.osubmarino.com
- 6 Téagarimo**
Tenda online de té e infusións a granel
www.teagarimo.com
- 7 Bluscus Turismo Mariñeiro**
Axencia de viaxes on-line especializada en Turismo Mariñeiro
www.bluscus.es
- 8 diecisetecosas**
Accesorios e pulseiras personalizadas
www.diecisetecosas.com
- 9 Andrea Area Estudio Creativo**
Estudio Creativo: vídeo, fotografía e deseño gráfico
www.andreaarea.com
- 10 Kooch Green Cosmetics, S.L.**
Cosmética orgánica de autor
www.koochgreencosmetics.com
- 11 Yaracan Galicia, CB**
Terapia asistida con animais
www.facebook.com/YaracanGalicia/
- 12 SPA-CC**
(Re)creación de entornos virtuais
www.spa-cc.com

EdiliciaBIM
Solucións BIM Intelixentes
www.ediliciaBIM.com
- 13 Waipia Surf**
Escola de surf e marca de moda apaixonada polo mar, os amigos e o surf
www.waipiasurf.es
- 14 Apícola Regueira en colaboración con Cervezas Meiga**
Cerveza con mel e hidromel
www.apicolaregueira.com
- 15 BISQATO**
Taller lácteo artesanal
www.bisqato.com
- 16 BichOh!**
Fabricamos complementos para Cans: Deseño, resistencia e artesanía ao servizo das nosas mascotas
www.bichoh.com
- 17 Aliadogs**
Plataforma online colaborativa de servizos caninos
www.aliadogs.es
- 18 Catálogos para empresas**
Especialistas en deseño editorial físico e virtual. Solución de comunicación 360º para empresa, provedores e clientes
www.catalogosparaempresas.com
- 19 Variopinto**
Estudo creativo onde a fotografía, o bordado e a artesanía entrelázanse
www.studiovariopinto.com
- 21 OnyVÁ**
Empresa de organización de eventos orixinais, moi vinculados á gastronomía e á artesanía e deseño
www.helloonyva.es
- 22 Mulleres Atlánticas**
Comunidade de mulleres emprendedoras galegas e do norte de Portugal
www.mulleresatlanticas.com
- 23 Xtonebox**
Fabricación artesanal de equipos de audio, baseados na antiga tecnoloxía a válvulas
www.xtonebox.com
- 24 Taller 7 MakerSpace**
Taller de fabricación de prototipos
www.taller7makerspace.com
- 25 Árbore S. Coop. Galega**
Servizos integrais de arqueoloxía
www.facebook.com/ArboreArqueoloxiaXestion
- 26 Gomo Bonsai**
Taller escola e venda de bonsais
www.gomobonsai.com
- 27 El Asegurado Enterado**
Asesoría e Consultoría Online
www.elaseguradoenterado.com
- 28 Periféricas**
Escola de feminismos alternativos. Cursos, charlas online e eventos a favor da igualdade de xénero
www.perifericas.es
- 29 DATA MONITORING SL**
Deseña, fabrica e comercializa dispositivos para o monitoreo de máquinas e procesos co obxectivo de achegar a industria 4.0 a tódolos sectores
www.ccdatos.com
- 30 Las flores de Greta**
Traballamos ecoprint, técnica que consiste en trasladar os pigmentos naturais de follas e flores a tecidos de orixe orgánica
www.facebook.com/pages/biz/Las-flores-de-Greta-105315013668071/
- 31 The Graphics Project**
Gafas de Sol – Moda e Accesorios
www.thegraphicsproject.com
- 32 LUMEIRA**
Estudo-obradoiro de deseño gráfico e impresión: souvenirs, imaxe corporativa, agasallo promocional, coleccionables, artigos de agasallo
www.lumeira.com.es
- 33 Espacio Matrioska**
Proxecto de dinamización, produción, axitación e xestión cultural
www.espaciomatrioska.com
- 34 Cajasazules**
Aluguer de caixas para mudanzas
www.cajasazules.com
- 35 EXGA3D**
Deseño de alimentos personalizados utilizando impresión 3D
www.exga3d.com
- 36 Dronalia**
Servizos con drones (formación, fotografía, vídeo...)
www.dronaliaserviciosaereos.es
- 37 Gaming Troop**
Asociación GAMER
www.gamingtroop.es

* **STAND 20**, por renuncia do participante seleccionado foi empregado por Freshysweet, empresa de apoio á organización.

MAPA DE STANDS

11:00-14:30 E 16:00-21:00




Recinto do Pont-Up Store
PRAZA DE ESPAÑA

ÁREA DE
DEGUSTACIÓN E
REPRESENTACIÓN

Espazo Fab Lab
e Gaming

FAC. BELAS ARTES /
ESCOLA DE RESTAURACIÓN

37



CONCELLO





INFORMACIÓN



ALOBRE 3D



MY LITTLE PIURA



O SUBMARINO ALTA CONSERVA



TÉ AGARIMO



BLUSCUS TURISMO MARIÑEIRO



DIECISIETECOSAS



ANDREA AREA



KOOCH GREEN COSMETICS



YARACAN VIGO



SPA-CC / EDILICIA BIM



WAIPIA SURF



APÍCOLA REGUEIRA - MEIGA



BISQATO



BICHOH



ALIADOGS



CATÁLOGOS PARA EMPRESAS



VARIOPINTO



ONYVÁ



MULLERES ATLÂNTICAS



XTONEBOX



TALLER 7MAKERSPACE



ÁRBORE S.COOP



GOMO BONSAÍ



EL ASEGURADO ENTERADO



PERIFÉRICAS



DATA MONITORING S.L



LAS FLORES DE GRETA



THE GRAPHICS PROJECT



LUMEIRA



ESPACIO MATRIOSKA



CAJAS AZULES



EXGA 3D



DRONALIA



GAMING TROOP



FRESHYSWEET



VENRES 21

Organizan: **Concello de Pontevedra / Pont-Up Store / Nova Xestión Cultural**

Presenta: Anabel Gulías, Concelleira de Promoción da cidade e Pedro Figueroa, Director do Pont-Up Store

Programa: 10 emprendementos seleccionados previamente entre os candidatos desta modalidade de participación, presentaron os seus proxectos durante 5min. A 5 empresas de relevancia.



África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo, directora do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Uvigo, presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía e promotora da empresa spin-off NanoInmunoTech (NIT) con sedes en Vigo, Zaragoza e Madrid. En 2017 foi nominada aos premios Women Innovators pola Comisión Europea.



Piedad Varela-Portas de Orduña

Licenciada en dereito especializada en dereito de empresa. 20 anos de experiencia como asesora legal. Socia, cofundadora e Responsable de Comunicación e RSE de Pazo de Vilane.



María Caldeiro López

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC. Máster en Políticas Europeas de Cooperación e Máster en Relacións Internacionais e Comercio Exterior. Inicia o seu contacto profesional co mundo da pesca durante a súa estadía na Oficina Comercial do Consulado en Mumbai. Dende 2011 exerce como Xerente de FUNDAMAR.



Alba Baños

Graduada en Consultoría e Xestión da Información pola UVigo. Máster en Analítica Web, Usabilidade e Experiencia de Usuario. Experiencia en xestión de campaña de Tráfico de Pago e medición de contornas webs. Na actualidade é a responsable da área de Analítica de Redegal.



Teresa Fernández Valdés

Licenciada en dereito especializada en dereito de empresa. 20 anos de experiencia como asesora legal. Socia, cofundadora e Responsable de Comunicación e RSE de Pazo de Vilane.



RELACIÓN DE PARTICIPANTES



THE CLOUD GAMING

Club de e-Sports

<http://www.thecloudgaming.com>



MUUTECH

Soluciones de monitorización enfocadas, ademais da entornos de sistemas de información, a entornos industriais e de produción

<http://www.muutech.com>



NATURAL SNACK LAB S.L.U

Fabricación dun snack 100% natural a partir da deshidratación de purés de froitas, sen azucres, colorantes ou conservantes engadidos

<http://www.fruitah.es>



EXGA 3D

Diseño de alimentos personalizados utilizando impresión 3D

<http://www.exga3d.com>



HASHTAG SALUDABLE

Recetas de cociña saudable

<http://www.hashtagsaludable.com>



THE GRAPHICS PROJECT

Gafas de Sol – Moda e Accesorios

<http://www.thegraphicsproject.com>



SPA-CC

(Re)creación de entornos virtuais

<http://www.spa-cc.com>



CATÁLOGOS PARA EMPRESAS

Especialistas en deseño editorial físico e virtual. Solución de comunicación 360o para empresa, provedores e clientes

<http://www.catalogosparaempresas.com>



WINBOX APP

App, plataforma para poñer en contacto directo a compradores e vendedores

<http://www.spa-cc.com>



AMARELAS S. COOP. GALEGA

Proxecto socio-edu-eco-ludo-turístico heteroxéneo e dual que desenvolve actividades de turismo e ocio en Galicia

<http://www.amarelas.es>

ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

VENRES 21

13:00H A 14:00H

Showcooking de pratos saudables con legumes

Organiza: **Hashtag saludable**

Taller de Cociña Saudable onde Lady Compostela, autora do blogue Hashtag Saludable, nos ensinaba como sacarlle partido aos legumes para cociñar pratos saudables, lixeiros e moi nutritivos. Ademais de compartir os seus tips e consellos para facer unha compra saudable e aforrar tempo na Cociña.



SÁBADO 22

11:30 A 12:30H

Imprime a túa comida

Organiza: **Exga 3D**

Actividade demostrativa na que coñecemos e probamos comida preparada cunha Impresora 3D. Tamén falamos das vantaxes da personalización de alimentos e como, ademais de ser divertido, podería solucionar retos coma a valorización de produtos alimentación e aproveitamento de descartes alimentarios, evitando así o desperdicio de comida.



12:30 A 14:00H

Leo co meu can

Organiza: **Yaracan**

Son os acompañantes ideais da lectura porque: Axudan a relaxarse, diminuíndo a presión arterial. Escoitan atentamente. Non xulgan, non se burlan, non critican. Deixan que os nenos vaian ao seu propio ritmo. Son menos intimidantes que os compañeiros de clase. "Non existe a figura de autoridade que os bloquea para ler en voz alta."



17:00 A 18:00H

Como facer o teu stick Raspberry

Organiza: Taller 7 MakerSpace

Neste taller aprendimos como facer un mando arcade para emular unha ampla selección de consolas e sistemas de xogos, ademais dun centro multimedia e todo baseado na Raspberry Pi3.



18:00 A 19_00H

Gran Xincana Canina

Organiza: Yaracan

En alianza co can de terapia as rapazas de Yaracan idearon unha gran xincana canina que consta dun circuito de psicomotricidade (túneles, aros, conos, picas, tobogáns, obstáculos humanos, áreas de habilidades caninas, etc.)



19:00 A 20:00H

Arqueoloxía experiencial

Organiza: Árbore S.Coop Galega

A experimentación é unha ferramenta de primeira orde para comprender e aprender sobre o pasado remoto,. Nesta actividade tivemos a oportunidade de probar de primeira man como se acendía o lume na prehistoria, probando distintas técnicas e conseguindo obter fume, brasas e... lume!

Por outra banda, traballamos tamén como arqueólog@s, aprendendo como se fai un calco dun petroglifo .



ESPAZO FAB LAB: LABORATORIO CREATIVO

XOVES 20 E VENRES 21

MUSIC LAB: Laboratorio de fabricación dixital

SESIÓN ABERTA

XOVES: 11:00-13:00H / 16:00-21:00H

SESIÓN ABERTA

VENRES: 16:00 A 21:00H

Organiza: **Xene Proxectos Sociais e it!Fab**

Impresión de instrumentos musicales

A inspiración deste reto xira en torno a innovación sobre a construción dun instrumento dixital: Instrumento existente fabricado dixitalmente. Instrumento modificado

Creación dun Theremin con arduino

O theremín, orixinalmente coñecido como eterófono, thereminófono, termenvox ou thereminvox, é un dos primeiros instrumentos musicais electrónicos que se controla sen necesidade de contacto físico do intérprete ou thereminista co instrumento.

Creación de pedais de distorsión para guitarras con arduino

O gran reto dos grupos de música é lograr un sonido propio e auténtico. Unha das formas de conseguilo coas guitarras é usando un sinfín de pedais para distorsionar o son. E se poidéramos contar cun pedal baseado en arduino que nos permitira programar múltiples efectos?



Taller de robótica: Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas

7 E 8 ANOS

TALLER 1: 10:30-11:30
TALLER 2: 11:30-12:30

9 E 10 ANOS

TALLER 3: 12:30-13:30
TALLER 4: 13:30-14:30

11 A 13 ANOS

TALLER 5: 16:30-17:30
TALLER 6: 17:30-18:30

Organiza: R

Imparte: Líbolis

Descrición: “Mundialiño de football”. Os participantes terán que programar e construír un prototipo tecnolóxico que se convirta nunha maqueta para poder xogar un torneo por equipos.



Experiencias coa comunidade maker: construción dun geodomo e silla @rrolo

Organiza: Finsa coa colaboración de Xeneme Proxectos Sociais e It!Fab



ESPAZO GAMING: EMPRENDEMENTO DA MAN DOS VIDEOXOGOS

VENRES 21

TORNEO SMASH BROSH

11:00 A 14:30H E 18:00-21:00H

**Torneo Smash Brosh
(dobres) aberto**

Organiza: **Gaming Troop
+ The Cloud Gaming**

11:00 A 14:30H E 18:00-21:00H

**Torneo Smash Brosh
(singles) aberto**

Organiza: **Gaming Troop
+ The Cloud Gaming**



11:00 A 14:30H E 18:00-21:00H

**Xornada de portas abertas da Asociación gamer de Pontevedra,
Gaming Troop**

Organiza: **Gaming Troop**

VENRES 21

TORNEO LOL

10:00-14:00

Torneo LOL (League of Legends)

Semifinais presenciais do torneo de LOL por equipos. As fases previas de clasificación e as roldas eliminatorias xogaranse durante a semana anterior de xeito non presencial.


Organiza: **Gaming Troop + The Cloud Gaming**

16:00-19:00

Torneo LOL (League of Legends)

Finais presenciais do torneo de LOL por equipos. As fases previas de clasificación e as roldas eliminatorias xogaranse durante a semana anterior de xeito non presencial.

Organiza: **Gaming Troop + The Cloud Gaming**



TALLERES

XOVES 20

16:30 - 20:30H

Taller práctico de creación de "assets" para videoxogos

Organiza: **Spa-CC / Alobre3D**

Neste taller presentamos Blender 3d como ferramenta de creación dixital para a elaboración de elementos (assets) para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real. Tamén demos un repaso polas ferramentas básicas tendo como obxectivo a elaboración dun "prop" para unha escea SCI-FI.

VENRES 21

10:00 A 14:00H

Taller Práctico de creación de texturas para videoxogos

Organiza: **Spa-CC / Alobre3D**

Neste taller coñecemos Substance Painter como ferramenta de creación dixital para a elaboración de texturas para a súa aplicación a elementos 3d para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real.

16:30 - 20:30H

Taller práctico de motores de tempo real para videoxogos

Organiza: **Spa-CC / Alobre3D**

Neste taller presentouse Unity como ferramenta de creación dixital para a creación de videoxogos e entornos interactivos.

VENRES 21

10:00 A 14:00H

Taller práctico de impresión 3D

Organiza: **Spa- CC / Alobre 3D**

Neste taller presentáronse as principais ferramentas de creación dixital para a creación de videoxogos e entornos interactivos.





ESPAZO ECOBAS DE ECONOMÍA SOCIAL

XOVES 20

11:30 A 13:30H

Recursos interactivos para a creación e consolidación de proxectos e entidades de economía social e solidaria: O Canvas Social

Organiza: **ESPAZOCOOP UNION DE COOPERATIVAS**
 Patrocina : **FEDER – INTERREG V-A España- Portugal 2014-2020**

Nesta actividade divulgamos de forma práctica e amena esta acción a desenvolver por ESPAZOCOOP, que pretende facilitar os procesos de maduración, financiamento, posta en marcha e visibilidade de novas liñas de actividade e procesos de consolidación de natureza innovadora de entidades de economía social e solidaria.

Tamén intentamos facilitar o proceso de presentación de candidatura das entidades participantes para seren beneficiarias deste servizo.



10:00 A 11:30H

ACELERADORA PARA A INNOVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ENTIDADES DE ECONOMIA SOCIAL E SOLIDARIA

Organiza: **ESPAZOCOOP UNION DE COOPERATIVAS**

Patrocina : **FEDER – INTERREG V-A España- Portugal 2014-2020**

O obxectivo desta actividade era divulgar de forma práctica e amena a par de pór en valor o recurso interactivo do Canvas Social que desenvolve ESPAZOCOOP, ademáis de xerar un espazo de intercambio e colaboración entre os grupos emprendedores e entidades participantes.

12:00 A 13:30H

ITINERARIOS DE FORMACION E ASESORAMENTO PARA A CREACIÓN DE EMPREGO A TRAVÉS DA FÓRMULA COOPERATIVA.

Organiza: **ESPAZOCOOP UNION DE COOPERATIVAS**

Patrocina : **Concello de Pontevedra**

Nesta actividade, desde Espazo Coop buscaban formar a todo aquel interesado sobre a posta en marcha dunha empresa cooperativa, a par que se creaba un espazo de intercambio entre todas aquelas asistentes nesta situación.





17:00 - 18:00H

Laboratorios dinámicos de creación cultural e artística de economía social

Organiza: **Rede Eusumo**

Descrición : Dinámica pensada para nenos que busca re/descubrir a economía social a través dos seus valores: axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade e transparencia; repensar o emprendemento e o traballo desde o comunitario, o social e a creación.



17:00 - 18:00H

Presentación de Músicas ao Vivo

Músicas Ao Vivo naceu no ano 2008 co obxectivo de agrupar e unificar as inquietudes dos músicos/as de directo, e como plataforma de intercambio de información e opinión. Pretende ser un lugar onde todos os músicos/as teñan cabida e así posuír unha voz común deste colectivo. A filosofía desta asociación baséase en dignificar a música en directo e o traballo dos músicos/as que a levan a cabo.



Concerto The Soul Breakers



ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIA E DO ECOSISTEMA EMPREENDEDOR

XOVES 20

XOVES E VENRES DE 11:00 A 12:30H

Workshop I am Remarkable

Organiza: **Google**

Unha iniciativa de Google para empoderar mulleres e convidalas a que celebren os seus logros no ámbito profesional



XOVES 20

17:00 - 18:45H

Charla Inspiracional: Tips para tu marca personal

Organiza: **Google Actívate**

Coñece as claves da xestión da marca persoal e como crear unha estratexia para conseguir os teus obxectivos profesionais. Consulta as túas dúbidas á nosa experta en sesións individuais.



20:00 - 21:00H

Familia Creativa "Lideirándote!"

Organiza: **A Redeira / Mariem Filgueira**

As familias creativas son reunións para crear rede, compartir coñecemento e intercambiar experiencias para evolucionar en grupo.

Nesta ocasión, ten o título de "Lideirándote", porque vivimos un obradoiro de "autolideirado", unha xornada onde falamos sobre as nosas lideiras/soños/necesidades/inquedanzas e reflexionamos sobre o que temos que facer para que deixen de ser lideiras.



VENRES 21

17:00 - 18:00H

Encontro: Emprendendo en Galicia

Organiza: **Aje Galicia**

17:00 - 18:00H

Xunta Directiva de Aje Galicia: Asociación de Xóvenes Emprendedores

Organiza: **Aje Galicia**
Xuntanza interna



18:00-21:00

Worldwide Adventures Speaking stories with international entrepreneurs

An interactive session where entrepreneurs share their stories about how they found inspiration and ideas abroad and how they turned them into their reality. They will share how they are building an active international community to create new professional opportunities.

Organiza: **Ticket2europe, As Sequoias e Espacio Arroelo**

Aventureiros:

Pavel Vassiljev from Shokking Group

África Rodríguez from Espacio Arroelo

Ana del Valle from Ticket2europe

Serena Lomuscio from Erasmus for Young Entrepreneurs

Aymane Sadraoui and Zara Askaryan from European Voluntary Service

Belén Mendoza from Cámara de Comercio (Santiago de Compostela)



18:30-20:30

Emprende con WordPress Meetup especial da Comunidade de WordPress Pontevedra

Actividade enmarcada dentro de #PONTEWORDCAMP, Primeira WordCamp en Galicia (22-23 setembro)
<https://2018.pontevedra.wordcamp.org/>



Organiza: Comunidade de WordPress Pontevedra

Presenta: Juan Hernando, WordPress Pontevedra

Interveñen:

- **María José Soto**, que se lanzou a emprender o seu proxecto propio e compartirá con nós como facer despegar o teu proxecto en doce semanas grazas á súa experiencia e metodoloxía.
- **Fernando Puente**, formador e informático especializado en medios online e en axudar a proxectos de terceiros, compartirá todas as opcións que ofrece WordPress no mercado laboral.
- **Vanesa Gómez del Río** (Exprime Viajes), que despois de 10 anos traballando en multinacionais lanzouse cun blogue de viaxes do que vive actualmente con moito éxito e compartirá con nós o que funciona e o que non.

Público obxectivo: Calquera persoa emprendedora ou profesional que necesite apoiarse na internet para crecer e avanzar co seu proxecto ou produto, ou calquera dedicada ao desenvolvemento web que queira coñecer posibilidades de WordPress para o seu proxecto son máis que benvidas.



19:00-21:00

Presentación Rede Galega de Coworking CoworkinGal

Organiza: **Rede Galega de Coworking CoworkinGal**

Colabora: Dallequedalle Coworking (Susana Loroño e Raquel Argibay)
FormaCoworking (Said Jeniah). Colabora coa Radio 4.0 da Rede de Coworking
Juan Ortega da Asociación Sensorial e Ramón Suárez, Mentor.

Descrición:


19:00-20:00 Radio 4.0

Programa de Radio/TV, Youtube. Realizarase en directo mediante entrevistas
<http://coworkingal.net/page-4.html>

1. Presentación da Rede de Coworking CoworkinGal
2. Entrevista a Jose Angel Tellería (Doctorado sobre espazos de Coworking)
3. Entrevistas a Xerentes de Coworking e coworkers que traballan nos espazos
4. Entrevistas a emprendedores do Pont-Up Store
5. Música en directo

20:00-21:00 Mesa Redonda “Os Espazos de Coworking en Galicia”

Formada por Xerentes dos espazos de coworking, coworker..., onde se falará das peculiaridades de cada espazo, dos coworkers que traballan, canto tempo permanece como media un coworker, por que elixen un espazo de coworking para traballar, a colaboración entre eles...



11:00-13:00

Mentoring en feminino: Necesitamos máis mentoras!

Encontro anual de Mentoring e Emprendemento en Galicia. Nesta edición de Pont-Up Store 2018 farase fincapé na necesidade de incrementar a presenza feminina como mentoras, especialmente en disciplinas tecnolóxicas. Consiste en presentacións por parte de especialistas en Mentoring e unha mesa redonda con debate sobre Mentoring en Feminino.

Organiza: **AMCES (Asociación Española de Mentoring y Consultoría) /EMCC Galicia (European Mentoring Coaching Council)**



Inaugura: Susana López Abella, Secretaria Xeral da Igualdade - Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia.

MESA REDONDA:

Preside e modera Mirian Izquierdo, Presidenta WOMANFORWARD. Mirian é avogada-economista, Máster en Dereito Comunitario, Magister Iuris Europeis, MBA, Master en dirección de Empresas Dixitais, PDG IESE e PhD cand. en Economía, Diplomada en consellos de administración por Harvard Business School e en Negociación polo grupo Karras; é autora de diversos libros de temas europeos, de comercio internacional, de creación de valor nos consellos de administración e diversidade de xénero, e de igualdade de oportunidades. Mentora.

PANELISTAS:

Maruxa Alvarez, Profesora Uvigo, Coorganizadora 3DAY STARTUP.

Yolanda Fortes, CEO de Espírito Valiente Consultoría. Delegada WOMENALIA en Galicia.

Olalla Sánchez, Coordinadora Foro Tecnolóxico de Emprego UVigo.

Jéssica Martínez, Integrante de GalsTech

Sara Suárez, Investigadora Predoctoral PhD cand. en Comunicación en Universidad Pompeu Fabra

Piedad Varela-Portas, socia cofundadora y responsable de Comunicación y RSE de PAZO DE VILANE. Promotora del Proyecto "Emprender desde la Raíz".

Carla Reyes Uschinsky, Presidenta de Executivas de Galicia, colabora con WomanTalent y MadrinaNet

OUTRAS INTERVENCIÓNS DE APOIO

Bibiana López, Lic. Historia del Arte, Máster en Patrimonio USC

Ana Cidre, Women Techmakers Lead By Google, fundadora GalsTech

Cristina Aranda, fundadora MujeresTech

María José Malmierca, CESGA, impulsora ICT-Go-Girls!

María Gómez, fundadora Mulleres Atlánticas

SÁBADO 22

17:00-19:45

Carreira das empresas

Organiza: **AJE Pontevedra, Abanca**

Colabora: AROMON Pontevedra e A'DEVESA

Descrición:

Consiste nunha xincana na que os participantes deberán mostrar as súas competencias para traballar en equipo, lideralo, tomar decisións correctas e consensuadas, e resolver os problemas que poidan ir xurdindo.

Os participantes da carreira deberán formar equipos, coma se fosen empresas, e nomear un líder. A modalidade deste xogo será score. Este modelo consiste na elección libre de balizas a recoller ao longo da cidade, neste caso do centro de Pontevedra e arredores, para ir completando o mapa coas diferentes localizacións.



A satisfacción dos emprendedores

VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO



VALORACIÓN XERAL DO EVENTO EN FUNCIÓN DAS EXPECTATIVAS PREVIAS



NIVEL DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS



VISUALIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS PROXECTOS



TEST DE PRODUCTOS / SERVICIOS ACTUAIS



RECOMENDARÍAN O EVENTO?

4,38




■ RESULTADOS 2018


■ MEDIA OTRAS EDICIONES

*Enquisa de satisfacción enviada aos 35 participantes do Pont Up Store 2018 con presenza na modalidade de stand. Elaborada en Google Docs con prazo de resposta entre o día 24/09 e o 05/10. Tratáronse 34 respostas (97,14% participación).


INICIATIVAS PREMIADAS




EXGA3D




M
MULLERES ATLÁNTICAS





Las flores de Greta
ECOPRINT



M
MATRIOSKA



XTONEBOX



Unha identidade propia

Nesta edición, **SEELE COMUNICACIÓN** construíu a imaxe que acompañaba ó evento e deseñaba a Kore, unha rapaza inspirada na mitoloxía grega, na deusa da iniciativa, que recibe a chamada da aventura, a chamada do emprendemnto. Adjunto render de Kore que puedes usar en esta páxina para darle vida.

O CABLE INGLÉS trazou unha campaña que se desenvolveu en multitude de formatos para alcanzar un impacto o máis amplo posible. Estes foron os elementos de deseño impresos ou publicados que deseñaron e elaboraron:

Imáxe da páxina web (<http://pontupstore.com>), elaboración de cabeceiras e avatares para as redes sociais, banners promocionais, roller portátil, lona para o espazo do encontro, photocall, flyers, carpetas, programas, carteis ou mupis entre outros.

Dende que se fixo pública, a campaña do Pont-Up Store foi un éxito rotundo

entre o seu público obxectivo e entre a cidadanía en xeral. O claim "**TALENTO**

TRANSFORMADOR" acompañou tanto á campaña como á estratexia de difusión posterior e tamén a dinamización do propio evento, pois nesta edición, coa axuda de Martina Dadá, a propia Kore cobraba vida durante as xornadas do venres e o sábado.

RELACIÓN DE MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIONAL

Dossier Emprendedores

Flyer: 750 unid.

Programa: 3.000 unid.

Cartelones en cartón pluma para photocall: 1

Cartel Pont-Up: 500 unid.

Mupi: 60 unid.

Carpetas: 500 unid.

Rollup grande (220cm x 206cm)

Lona

Tímpano

Photocall

Memorias: 300 unid.





COMITÉ ORGANIZADOR

UNIVERSIDADE



PEDRO FIGUEROA DORREGO

Director do Pont-Up Store. Director do Grupo de Investigación G4 Plus (Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios) da Universidade de Vigo, e Director do Observatorio Urbano de Pontevedra.



Desarrollo estratégico:
organizaciones y territorios



ANA DOPICO PARADA

Profesora Contratada Doctora na área de Comercialización e investigación de mercados, Universidade de Vigo



ÁNGELA CAL ARCA

Economista, xestora administrativa e consultora de empresa, socia-consultora en DTEAREA5 CONSULTORES, socia-consultora en Acega Asesores. Profesora asociada do departamento de organización de empresas e marketing.



ANA OLVEIRA BLANCO

Técnica da Rede Eusumo, doutoranda da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora asociada ao Centro de Estudos Cooperativos.



ANABEL PÉREZ XESTEIRA

Responsable da comunicación online e as redes sociais do Pont-Up Store. Social Media e Influencer Marketing Specialist en Roi Scroll.



Desarrollo estratégico:
organizaciones y territorios



DANIEL GALLEGO ORTIGUEIRA

Responsable da Secretaría técnica do Pont-Up Store, Técnico de investigación, G4plus



Desarrollo estratégico:
organizaciones y territorios

EMPRENDEDORES



DIEGO PARAJO NAVEIRA

Emprendedor social. Traballando incansablemente para mellorar o mundo.



SUSANA LOROÑO MONDRAGÓN

Coordinadora de proxectos



ROBERTO RODRÍGUEZ CABECEIRA

CEO e Director Técnico



SILVIA CRESPO TOBÍO

Asesora de imaxe sempre cargada de ideas e vestida de ilusión



PAULA VIDAL GIRÁLDEZ

Estudiante do Grao en Publicidade e Relacións Públicas da Universidade de Vigo.



DAVID CONDE SAYANS

Cofundador de dous proxectos dentro do sector Fintech (Tecnoloxía financeira).



XOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Enxeñeiro de software apaixonado polo mundo emprendedor.



ANA CARPINTERO ALONSO

Responsable da marca de moda atlántica sostible SomosOcéano.



BEA MAZAIRA SUÁREZ

Vocalista da banda de swing e funk pontevedresa The Soul Breakers.



DIEGO RODRÍGUEZ CORDEIRO


Socio traballador de 7HCOOP.





REDACCIÓN E ELABORACIÓN DA MEMORIA: DANIEL GALLEG0 E ANABEL PÉREZ

COLABORADORES:



Universidade de Vigo



ILUSTRACIÓN:



ORGANIZACIÓN PUNTAZO EXPRES:



DESENVOLVEMENTO WEB:



DESEÑO E MONTAXE STANDS:



FOTOGRAFÍA:



VÍDEO:



ANIMACIÓN:



GESTIÓN DE EVENTOS

EXPO 5 AÑOS



ORGANIZA:

Universidade de Vigo

CREA S2i

Social and Sustainable Innovation

PATROCINADOR PRINCIPAL:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

//Afundación
Obra Social ABANCA



ZFV
CONSORCIO
ZONA FRANCA
DE VIGO



ECOBAS
Economics and Business Administration for Society



Galicia
Jóvenes Empresarios



Grow with Google

DESEÑA E COMUNICA:

o cable inglés
cooperativa cultural

MÁIS INFORMACIÓN:

info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com



PONTUPSTORE.COM